



Bases do torneo Counter Strike Global Offensive Xuventude Galicia Net

Counter-Strike (abreviado como CS) é un videoxogo de disparos en primeira persoa por equipos, os terroristas e os antiterroristas. Concibiuse orixinalmente como un xogo de tipo multixogador (xa sexa en LAN ou online). Counter-Strike é unha modificación completa do xogo Half-Life, realizada por Minh Le e Jess Cliffe, quen lanzaron a primeira versión o 18 de xuño de 1999.

Regulamento

Na presente competición usarase o xogo Counter-Strike: Global Offensive na súa última versión. Empregarase a plataforma STEAM unicamente, a mesma deberá estar actualizada á última versión antes de iniciar o xogo.

Os equipos estarán conformados por 5 xogadores. [5 Vs. 5] e poderase anotar ata un máximo de 1 suplente por equipo. Os xogadores anotados non poden ser substituídos durante toda a vixencia do torneo.

Cada equipo usará o mesmo Clan Tag durante todo o enfrontamento, o mesmo que figura na planilla de inscrición, non aceptándose modificacións no xogo.

A competición será ao mellor de 3 mapas (BO3), sendo gañador o primeiro que gañe 2 dos 3 mapas en xogo, sexan ou non consecutivos. Cada mapa consta, tanto no lado Terrorista, como no lado Counter-Terrorist en 2 lados de 15 puntos cada unha, o primeiro equipo en chegar aos 16 puntos é o vencedor do partido.

Se un partido chega a 15-15, empate. Xogaranse roldas de OverTime.

Se se chega ao 6º OverTime, e se mantén o empate, ambos equipos gañan 1 punto, e procédese co seguinte mapa, o que gañe o seguinte mapa, gañará o enfrontamento por 2-1.

Mapas oficiais: [de_dust2 | de_train | de_inferno | de_overpass | de_mirage | de_cbble | de_cache]

Tempo de rolda: 1,45 minutos (roundtime 1,75).

O sistema de veto será o seguinte:

Equipo 1 Veta mapa

Equipo 2 Veta mapa

Equipo 1 Elixé mapa

Equipo 2 Elixé mapa

Equipo 2 Veta mapa

Equipo 1 Veta mapa

O último mapa queda como mapa para o desempate

Haberá unha cota total de 32 equipos, enfrontaranse en bracket directo, todos os partidos tanto de losers como de fase de winners serán BOA3.

Se un equipo consegue unha vitoria por 16-0, vencerá por Walk-Over e non será necesario xogar o resto do enfrontamento, pasando así de rolda.

É obrigatorio ter a configuración de vídeo en 32bpp. A configuración en 16bpp non é aceptada. Está prohibido o uso de calquera programa externo e de cheats (trampas) de ningún tipo, o que implicará a descualificación automática do torneo de todo o equipo.

Exploits en players ou modificacións de mapas e texturas non están permitidas e serán consideradas igual a un cheat.

Os xogadores poderán comunicarse verbalmente durante toda a partida, incluso estando mortos (Ghost Talking).

Os cambios de xogadores están permitidos durante o cambio de lado ou entre un mapa e outro, non admitíndose cambios de players durante a partida, salvo autorización do árbitro fundada na imposibilidade técnica dun player que estaba xogando de poder continuar. En tal caso o xogador substituído non poderá volver ao seu lugar senón ata o seguinte mapa. Cabe destacar que o xogador a substituír debe estar anotado previamente como suplente no equipo, doutro modo a manobra non é permitida.

As faltas de respecto cara o árbitro, organización e/ou outros xogadores serán consideradas faltas moi graves e aplicaranse as sancións máis duras posibles, incluíndo descualificación do xogador ou do equipo enteiro a criterio da organización e sen dereitos a indemnización algunha, teñan recibido ou non un warning previamente.

Horarios

Os horarios do torneo poderían solaparse con outros torneos, non se esperara por ningún máis dos 15 minutos de cortesía, sexa cal sexa a excusa.

De non presentarse a tempo suficientes xogadores do equipo, todos serán automaticamente eliminados.

A organización pode cambiar estas normas sen previo aviso.

A decisión dun árbitro é incuestionable, sempre terá a última palabra sobre as normas durante unha disputa.